



### A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la licitación de oferta pública de Renfe para el mantenimiento de 65 locomotoras de mercancías y la afectación al taller de mantenimiento de Renfe en Ourense.

Renfe ha publicado recientemente la licitación de la oferta pública para el mantenimiento de 65 locomotoras modelo S/333.3, durante cinco años, por un importe de 70 millones de euros. De este parque de locomotoras, que están destinadas al transporte de mercancías, 26 están actualmente asignadas al taller de Ourense, que es el segundo taller con mayor carga de trabajo después del de Vicálvaro.

La externalización del servicio de mantenimiento de locomotoras ha generado una gran preocupación entre los 32 trabajadores del taller de Ourense que ven en riesgo su puesto de trabajo y el funcionamiento del taller ourensano.

La representación sindical ya ha mantenido una reunión con los responsables del área Noroeste de Ingeniería y Mantenimiento de Renfe, pero se quejan de la falta de información respecto a las tareas y el reparto del trabajo una vez licitado el servicio y consideran que este es el inicio de su privatización, que hasta ahora lo prestaban directamente los empleados de Renfe.

En Galicia, ya se han cerrado los talleres de A Coruña y Monforte, y solo permanecen en funcionamiento las bases de Ferrol y Redondela, junto al taller de Renfe-Ingeniería y Mantenimiento en Ourense.

En los pliegos de la contratación se establece que la adjudicación del contrato incluye el mantenimiento preventivo, con la aportación de la mano de obra necesaria y los medios materiales y talleres, así como el servicio de asistencia en ruta, por lo que resulta evidente que el taller de Ourense se quedará sin carga de trabajo.

En definitiva, los representantes de los trabajadores exigen que Renfe concrete los planes de futuro para la base de Ourense, que se garanticen los puestos de trabajo y que se anule la

#### C.DIP 69693 27/05/2025 10:00





licitación para el mantenimiento de las locomotoras de mercancías. Los talleres de mantenimiento tienen futuro e incluso hay margen de diversificación, ya que sería posible ampliar para encargarse, en Galicia, del mantenimiento de los trenes de alta velocidad, una labor que actualmente se realiza en Madrid con un elevado volumen de trabajo que ralentiza su correcto desempeño.

### Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

- 1. ¿Por qué ha decidido Renfe sacar a concurso público el mantenimiento de 65 locomotoras modelo S/333.3 (para mercancías) por 70 millones y durante cinco años?
- 2. ¿Teniendo en cuenta que 26 de estas locomotoras están asignadas al Taller de Mantenimiento de Renfe en Ourense, cómo afectará esta externalización a la carga de trabajo y las funciones del taller ourensano?
- 3. ¿Es consciente de la preocupación que esta externalización está causando entre los 32 trabajadores del taller de Ourense que carecen de información concreta sobre los planes de futuro de la base? ¿Renfe garantiza el mantenimiento de los 32 empleos de la base de Ourense? ¿Esta externalización perjudicará sus funciones?
- 4. ¿Informará de forma puntual a los representantes de los trabajadores y trabajadoras?
- 5. ¿Hasta qué punto está dispuesta Renfe a revertir el proceso de licitación y mantener la prestación directa del servicio?
- 6. ¿Qué le parece la propuesta de que se establezca una base de mantenimiento de trenes de alta velocidad en Galicia?

Madrid, a 26 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS SECRETARÍA GENERAL **REGISTRO GENERAL** 

26 MAY. 2025 19:38:25

# Sobre o taller de mantemento de Renfe en Ourense

Competencia Tipo Expediente

Otros Expedientes 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL Diputado



### Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (**BNG**), Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á licitación de oferta pública de Renfe para o mantemento de 65 locomotoras de mercadorías e afectación ao taller de mantemento de Renfe en Ourense.** 

Recentemente Renfe publicou a licitación da oferta pública para o mantemento de 65 locomotoras do modelo S/333.3, durante cinco anos, por un importe de 70 millóns de euros. Deste parque de locomotoras, que se destinan ao transporte de mercadorías, 26 están asignadas agora ao taller de Ourense, que é o segundo taller con máis carga de traballo despois do de Vicálvaro.

A externalización do servizo de mantemento das locomotoras, xerou unha grande preocupación entre os 32 persoas traballadoras do taller de Ourense que ven perigar os seus postos de traballo e as funcións do taller ourensá.

A representación sindical mantivo xa unha xunta con responsábeis da área Noroeste de Enxeñería e Mantemento de Renfe, mais quéixanse da falta de información en relación ás tarefas e reparto de traballo unha vez estea licitado o servizo e consideran que é o inicio da súa privatización, até o de agora prestado de forma directa por empregados de Renfe.

Na Galiza xa foron clausurados os talleres da Coruña e Monforte, e só se manteñen en funcionamento as bases de Ferrol e Redondela xunto co taller Renfe-Enxeñería e Mantemento en Ourense.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
26 MAY. 2025 19:38:25
Entrada 69688



Nos pregos de contratación, estabelécese que a adxudicación do contrato inclúe o mantemento preventivo, con aportación de man de obra necesaria e os medios materiais e talleres, así como o servizo de asistencia en ruta, polo que resulta evidente que o taller de Ourense ficará sen carga de traballo.

En definitiva, os representantes dos traballadores demandan a Renfe que concrete os plans de futuro para a base de Ourense, que se garantan os postos de traballo, e que se anule a licitación para o mantemento das locomotoras de mercadorías. Os talleres de mantemento teñen futuro e mesmo cabe a diversificación, pois sería posíbel ampliar para atender, na Galiza, o mantemento dos trens de alta velocidade, un labor que agora se realiza en Madrid cun elevado volume de traballo que ralentiza o correcto desempeño.

## Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

- Por que decidiu Renfe sacar a licitación unha oferta pública para o mantemento de 65 locomotoras do modelo S/333.3 (de mercadorías) por 70 millóns e durante cinco anos?
- 2. Dado que 26 desas locomotoras están asignadas ao Taller de Mantemento de Renfe en Ourense, como lle vai afectar esta externalización á carga de traballo e funcións do taller ourensán?
- 3. É consciente da preocupación que esta externalización está causando entre os 32 traballadores e traballadoras do taller de Ourense que carecen de información concreta sobre os plans de futuro para a base? Garante Renfe o mantemento dos 32 postos de traballo da base de Ourense? Vai prexudicar esta externalización ás súas funcións?
- 4. Vai informar puntualmente á representación dos traballadores e traballadoras?



- 5. Que disposición ten Renfe a dar marcha atrás ao proceso de licitación e manter a prestación directa do servizo?
- 6. Que lle parece a proposta de que se estabeleza na Galiza unha base de mantemento de trens de alta velocidade?

Madrid, a 26 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso